



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal en relación coa demanda da **posta en funcionamento do novo vaso da piscina municipal e do campo de fútbol de herba artificial**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No complexo deportivo da Fieiteira constrúese un campo de herba artificial e un novo vaso de piscina. Obras sen dúbida necesarias dada a alta demanda de usuarios/as e equipos que practican tanto competicións federadas como de usuarios/as que practican deporte por libre.

Á vista está que as obras en ambos equipamentos (campo de fútbol de herba artificial e novo vaso) están finalizadas dende hai moito tempo e xa comezan a deteriorarse.

No caso do campo de fútbol o peche perimetral, por un lado, está sen facer á espera de que se realicen unhas futuras obras de ampliación do complexo deportivo. Sen embargo e pensando que en breve esta instalación deberá estar á disposición dos e das deportistas, a ausencia deste peche lateral pode resultar perigoso, xa que hai un desnivel do terreo considerable.

Polo tanto

SOLICITO:

1º Que se **axilicen todos os trámites administrativos** para que se poña a disposición dos usuarios/as tanto a piscina como o campo de herba artificial canto antes.

2º Que **no campo de fútbol se complete o peche feito** con algún material axeitado para evitar que algúnha persoa poida caer polo desnivel existente.

Ribeira, 27 de xullo de 2007

Luís Teira Parada

Concelleiro do BNG en Ribeira

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA